



Proxecto:

MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DO CONCELLO DE PORTOMARÍN NO SECTOR 1 DO POLÍGONO INDUSTRIAL MONTE DO CRISTO

Emprazamento:

Termo municipal de Portomarín

Fase:

Aprobación inicial

Promotor:

CONCELLO DE PORTOMARÍN



Arquitecto Director do Equipo:

Alberte González Rodríguez

Equipo Redactor:



gabinete de arquitectura e urbanismo
rúa círculo das artes 18, 27002 Lugo
tel. e fax: 982 250 811

Equipo colaborador:



UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

LABORATORIO DO
TERRITORIO

Título de documento:

Resumo executivo

Data: **setembro 2017**

ÍNDICE


0. Introducción	4
1. Xustificación da conveniencia e oportunidade da modificación	4
2. Delimitación do ámbito do planeamento nos que se altera a ordenación vixente e determinación do alcance da modificación	4
3. Ámbitos nos que se suspende o outorgamento de licenzas e duración da suspensión	7
4. Alcance das licenzas que se suspenden	7

MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NNSSP DE PORTOMARÍN NO SECTOR 1 DO POLÍGONO INDUSTRIAL MONTE DO CRISTO

RESUMO EXECUTIVO – SETEMBRO 2017

O Resumo executivo da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento de Portomarín no Sector 1 do Polígono Industrial Monte do Cristo foi redactado por gAU ARQUITECTURA e URBANISMO SLP para o concello de Portomarín, a petición deste para atender a tramitación administrativa do documento conforme ás últimas disposicións normativas.

O que certifico en Lugo o 11 de setembro de 2017,

A handwritten signature in blue ink is written over a blue rectangular stamp. The stamp contains the 'gAU' logo in white. Below the signature, the text 'Asdo.: Alberte González Rodríguez' is printed in black.

0. Introducción

Conforme ao prescrito no artigo 60 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que define o procedemento para a aprobación dun plan xeral de ordenación municipal cómpre incluír na documentación sometida a información pública un resumo executivo e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico. No Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 desenvolve no artigo 86.4 este precepto detallando o contido do resumo executivo consistente en:

- a) No caso de que haxa ordenación proxectada, delimitación dos ámbitos a que esta altera a vixente, cun plano da súa situación e determinación do alcance da devandita alteración.
- b) De ser o caso, os ámbitos en que se suspenda o outorgamento de licenzas e a duración da devandita suspensión.
- c) O alcance das licenzas que suspende, de acordo co establecido no número 3 deste artigo.

O presente documento redáctase conforme aos anteriores preceptos normativas incorporando aqueles aspectos específicos referidos á alteración do planeamento, suspensión de licenzas e urbanísticas e o seu alcance.

1. Xustificación da conveniencia e oportunidade da modificación

As vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento, obxecto dunha revisión que está actualmente na fase de aprobación inicial, inclúen entre as súas determinacións a delimitación e ordenación dun ámbito de solo urbano de uso industrial, definido a partir dunha modificación puntual aprobada definitivamente o 20 de febreiro de 1992. Neste polígono industrial identifícase unha parcela continua que ocupa toda a marxe esquerda da estrada provincial LU-P 4902 de Vilaxuste froito da agregación de varias parcelas iniciais, fora de dúas destinadas a equipamentos públicos.

A citada agregación fíxose co obxecto de permitir a implantación dunha planta industrial promovida por COREN consistente nunha incubadora de polo de alcance internacional e cunha influencia económica que sobrepasa os límites non só do concello de Portomarín, senón tamén os da propia comunidade autónoma. Achégase no anexo documental un escrito da promotora da instalación industrial acreditativo destas circunstancias, que confirma o interese xeral da modificación.

O proceso produtivo asociado a esta actividade industrial implica ocupar un espazo que sobrepasa o ámbito delimitado polo actual polígono industrial, polo que se impón a necesidade de ampliar este, tendo en conta as circunstancias aludidas no anterior parágrafo, que prefiguran un escenario moi favorable non só para a economía do concello de Portomarín, senón tamén para modificar radicalmente unha evolución demográfica regresiva.

O equipo redactor desta modificación puntual está desenvolvendo asemade a revisión das normas subsidiarias, polo que parte da información que se achega comparte datos e organización co plan xeral en tramitación.

Todos estes antecedentes xustifican plenamente a conveniencia e oportunidade de modificación puntual.

2. Delimitación do ámbito do planeamento nos que se altera a ordenación vixente e determinación do alcance da modificación

O ámbito territorial obxecto desta modificación puntual está circunscrito á ampliación trazada na documentación gráfica que forma parte ineludible deste instrumento. Non obstante, cómpre sinalar que o ámbito territorial influenciado pola actividade industrial proxectada vai alén dos

límites municipais e mesmo autonómicos, ao constituírse como unha instalación de referencia estatal.

O planeamento actual de Portomarín, “Normas Subsidiarias de Planeamiento del Municipio de Portomarín”, foron redactadas pola empresa consultora Planeamiento y Ordenación del Territorio de Galicia SA (PYOTGSA) e aprobadas o 24 de outubro de 1983. Contan por tanto con 28 anos) o que explica e contextualiza os conceptos e a terminoloxía empregadas. Tendo en conta a lexislación aplicable naquel momento, a clasificación do solo correspondía á Ley do Solo de 1975 e aos regulamentos que a desenvolvían; Planeamento, Xestión e Disciplina. O territorio municipal quedaba dividido nas tres clases de solo prescritas daquela: Solo Urbano, Solo Urbanizable e Solo Non Urbanizable. No ano 1992 aprobouse unha modificación puntual para delimitar o actual Parque Empresarial destinado a uso industrial e comercial.

O máis significativo para os efectos desta modificación puntual -que sería a segunda na súa historia- é a elaboración dunha modificación puntual, promovida polo propio concello, para delimitar un ámbito territorial que permitise a implantación dun parque empresarial. A súa aprobación definitiva de 22 de febreiro de 1992 comportou a transformación dun anaco do monte mancomunado do Alto do Cristo de solo rústico en solo urbanizable.

Como se poderá comprobar pola imaxe adxunta, a delimitación aprobada dividíu o ámbito de solo urbanizable a desenvolver en dous sectores: o 1 (o máis achegado a Portomarín) e o 2.

Ilustración 1:plano da modificación puntual da NNSS que deu orixe ao polígono industrial de 1992



O seguinte paso foi a redacción dun plan parcial que transformase este solo urbanizable en solo urbano. A súa aprobación definitiva tivo lugar o 25 de xuño de 1992. Cómpre sinalar que este plan parcial foi promovido conxuntamente polo concello e por Xestur Lugo, dentro do plan de áreas e parques empresariais de Galicia.

Este plan parcial só desenvolveu o sector 1 antes identificado, mantendo o outro a súa clasificación de solo urbanizable. No plan xeral en tramitación, á vista da cativa evolución que tivo a ocupación do parque empresarial decidiúse retomar á clasificación de solo rústico, decisión que posiblemente se poida reconsiderar a expensas do impacto económico previsible da implantación industrial proxectada.

Ilustración 2: plano de zonificación do plan parcial





Ilustración 3: plano de ordenación da proposta en trámite



O alcance da modificación só atinxe á parcela afectada pola ampliación, non modificándose ningún outra determinación das prescritas nas normas vixentes, fóra da delimitación do ámbito do polígono industrial, que afecta exclusivamente á parcela obxecto da modificación.

3. Ámbitos nos que se suspende o outorgamento de licenzas e duración da suspensión

Dado o limitado alcance da modificación proposta, só se considera a suspensión de licenzas na parcela obxecto da ampliación.

4. Alcance das licenzas que se suspenden

Polas mesmas razóns citadas no apartado anterior, as licenzas que se suspenden son exclusivamente aquelas que se poideran outorgar ao abeiro da normativa aplicable á parcela obxecto da modificación. A suspensión máxima prevista será de dous anos. En todo caso extinguirase coa aprobación definitiva da modificación.

Lugo, setembro de 2017:

Asdo.: Alberte González Rodríguez
(en representación do equipo redactor como Director do Plan)

